

# Campionato de *Galicia* Rallyes 2021



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tfno: 988 272 941 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE



Secretaría Xeral para o Deporte

## REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: 25º RALLYE A CORUÑA

PROVINCIA: A CORUÑA

DATA: 28, 29 e 30 DE MAIO DE 2021



## INDICE

### **TITULO I: PROGRAMA HORARIO**

### **TITULO II: ORGANIZACION**

**Artigo 1** Organización

### **TITULO III: MODALIDADES XERAIS**

**Artigo 2** Puntuabilidade

**Artigo 3** Descrición

**Artigo 4** Vehículos Admitidos

**Artigo 5** Concursantes Admitidos

**Artigo 6** Solicitud de Inscripción - Inscripcións

**Artigo 7** Dereito de Inscripción - Seguros

### **TITULO IV: OBLIGACIONES XERAIS**

**Artigo 8** Publicidade

### **TITULO V: DESENROLO DA PROBA**

**Artigo 9** Recoñecementos

**Artigo 10** Hora Oficial do Rallye

**Artigo 11** Penalizacións

**Artigo 12** Premios

### **PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS**

**ANEXO I:** LICENZAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2021 (ANUARIO F.G.A.)

**ANEXO II:** LIBRO DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD

**ANEXO III:** TERMINOLOXIA

**ANEXO IV:** ENCARGADO DAS RELACIONES COS CONCURSANTES

**ANEXO V:** ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

**ANEXO VI:** ITINERARIO - HORARIO

**ANEXO VII:** PARQUES DE CUSTODIA, E DE TRABALLO

**ANEXO VIII:** CARAVANA RALLYES

**ANEXO IX:** OUVREURS

**ANEXO X:** PODIO DE SAÍDA

**ANEXO XI:** SISTEMA GPS

**ANEXO XII:** SUPER ESPECIAL TCS

**ANEXO XIII:** DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS

## I - PROGRAMA HORARIO

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
05-04-2021	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego e Fórmulas de Promoción).	<b>ONE SEVEN</b> Polígono Pocomaco, Sector H2, Avda. 3, nº7. CC.P.: 15190, Mesoiro, A Coruña. Teléfono: 629 880 086 e-mail: <a href="mailto:onesevenracing@gmail.com">onesevenracing@gmail.com</a>
06-04-2021	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	
17-05-2021	20:00	Peche de inscricións	
19-05-2021	18:00	Publicación lista de inscritos	
21/22/ 23 05/2021	08:00 a 13:00	Distribución do libro de ruta.	<a href="https://forms.gle/Pfwf4uQZMtiUMbzWA">https://forms.gle/Pfwf4uQZMtiUMbzWA</a>
	09:00 / 21:00	Recoñecemento dos Treitos Cronometrados (o Road-Book na web da F.G. de A.: <a href="http://www.fga.es/">http://www.fga.es/</a> e na web oficial do rallye: <a href="http://www.rallyeacoruna.com/">http://www.rallyeacoruna.com/</a> )	
28-05-2021	11:00 a 12:00	Verificacións Administrativas: Nº 01 A Nº 40 Nº 41 A Nº 80 Nº 81 A Nº 120 Nº 121 A Nº 160	<b>Oficina da Proba</b>  <b>Palacio de los Deportes</b>
	12:01 a 13:00		
	13:01 a 14:00		
	14:01 a 15:00		
	11:30 a 12:30	Verificacións Técnicas: Nº 01 A Nº 40 Nº 41 A Nº 80 Nº 81 A Nº 120 Nº 121 A Nº 160	
12:31 a 13:30			
13:31 a 14:30			
14:31 a 15:30			
	18:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	web da F.G. de A.: <a href="http://www.fga.es/">http://www.fga.es/</a> Palacio dos Deportes
	19:00	Hora límite presentación vehículos no parque de custodia	<b>Parrote</b>
29-05-2021	08:00	Saída 1º participante 1ª sección	Polígono Vío
	10:25	Chegada 1º participante 1ª sección	Reagrupamento
	10:45	Saída 1º participante 2ª sección	Parque de Trabajo Polígono Vío
	13:40	Chegada 1º participante 2ª sección	
	15:35	Saída 1º participante 3ª sección	Reagrupamento
	17:50	Chegada 1º participante 3ª sección	Parque de custodia
	18:20	Saída 1º participante 4ª sección	<b>Parrote</b>
	21:00	Chegada 1º participante 4ª sección	<b>Palacio de los Deportes</b>
22:00	Verificación final e de oficio		
	22:00	Reparto de premios e trofeos	web da F.G. de A.: <a href="http://www.fga.es/">http://www.fga.es/</a>
30-05-2021	00:30	Publicación de resultados	Palacio dos Deportes <b>Parrote</b>

**Nota: Levantamento vehículos parque de custodia-parque de trabajo (unificados):** Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos** sen ter que esperar ás entregas de premios.

Hora límite de entrada a Parque de Custodia: **Horas: 19:00 do día 28-05-2021**

## TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 28 de Abril ás 10:00 horas, ata o día 27 de Maio ás 20:00 horas estará situado na oficina de One Seven, sita en:

**ONE SEVEN**  
 Polígono Pocomaco, Sector H2, Avda. 3, nº7.  
 CC.P.: 15190, Mesoiro, A Coruña.  
 Teléfono: 629 880 086  
 e-mail: [onesevenracing@gmail.com](mailto:onesevenracing@gmail.com)

Dende o día 28 de Maio ás 11:00 horas, ata as 15:30 horas do día 30 de Maio, na Oficina Permanente do Rallye, sita en Palacio dos Deportes e no parque de custodia-traballo.

## II- ORGANIZACIÓN

### Artigo 1- Organización

#### Artigo 1.1- Definición

**ONE SEVEN** organiza o **25º RALLYE A CORUÑA**, que se desenvolverá dende o día 28 ó día 30 de MAIO do ano **2021**.

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2021, as prescricións comúns para rallyes, o Regulamento Xeral, e o presente Regulamento Particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 24 de Marzo de 2021.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA-002-RA, con coeficiente (8)**.

#### Artigo 1.2 - Comité de Organización

**PRESIDENTE** D. ÁLVARO MUÑIZ MORA

**VOCALIS** D. ERNESTO VÁZQUEZ PRECEDO  
D. CESAR CABARCOS DOMÍNGUEZ  
D. CESAR FCO. BLANCO TODEA  
D. SANTIAGO MARTÍNEZ SÁNDEZ

**SECRETARIO** D. SANTIAGO RODRÍGUEZ GARCÍA

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

#### **ONE SEVEN**

Rúa: Polígono Pocomaco, Sector H2, Avenida 3, nave 7. 15190 Mesoiro, A Coruña.

C.P: 15190 Municipio: A Coruña Provincia: A Coruña

Teléfonos: 629 880 086

Web: [www.rallyeacoruna.com](http://www.rallyeacoruna.com) e-mail: [onesevenracing@gmail.com](mailto:onesevenracing@gmail.com)

#### **Artigo 1.3. Oficiais:**

##### **Presidente Escudería/Comité Organizador:**

D. Álvaro Muñiz Mora DC1-0065-GA-AUT

##### **Comisarios Deportivos:**

Presidente: D. Fco. Javier Iglesias Ferrin CD1-0061-GA-AUT  
D. Bruno J. Rivera Pazos DC1-0062-GA-AUT  
Dna. Alessandra Dosil Vázquez CD-0023-GA-AUT

##### **Observador da F.G. de A.:**

D. Santiago González Boullosa OBS-0003-GA-AUT

##### **Delegado de Seguridade da F.G. de A.:**

D. Diego Besada González DC1<sup>a</sup>-0008-GA-AUT

##### **Director da Carreira-Oficina:**

D. Ignacio J. Dávila Estévez DC1-0060-GA-AUT

**Director Adxunto:**D<sup>a</sup>. Raquel Rodríguez López

DC1-0063-GA-AUT

**Comisarios Técnicos da F.G.A. Para control xeral e das Fórmulas de Promoción:**

Presidente: D. Víctor Varela Tomé

JOC1<sup>a</sup>-0033-GA-AUT

Vocal Dna. Seila Varela Barreiro

JOC1<sup>a</sup>-0032-GA-AUT**Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:**

Vocal: D. Jose Mayo Figueira

JOC-0024-GA-AUT

Vocal. D. Jose Maria Collazo Martinez

JOC-0026-GA-AUT

**Xefes de treito:**

Equipo A D. Francisco Almeida Ortiz

JDA-0019-GA-AUT

Equipo B Dna. Diana M<sup>a</sup> Carballeira Rey

JDA-0014-GA-AUT

**Xefes de Seguridade Vial Treitos:**

Equipo A D. German Romero Ourille

DC-0028-GA-AUT

Equipo B D. Daniel Mella Blanco

DC-0017-GA-AUT

**Responsable Equipos Cronometraxe:**

D. Alberto Freire Romani

JOB-0020-GA-AUT

**Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":**

D. Álvaro Muñiz Mora

DC1-0065-GA-AUT

**Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):**

Verde D. Isaac Fernández Pérez

DC1-0066-GA-AUT

**Vehículo "00" (ESCOBA):**

Vermello D. Alejandro Seoane Rodríguez

CD1-0064-GA-AUT

**Servizo Informático e publicación de tempos:** Federación Galega de Automobilismo

D. Antonio Pérez Cid

DC1<sup>a</sup>-0031-GA-AUT

D. Vicente A. Vázquez Gómez

DC1<sup>a</sup>-0030-GA-AUT

D. José A. Penedo Marnotes

JOB-0029-GA-AUT

**Servizo de Ambulancias:** Servicios Sanitarios de la Coruña, S.L.**Servizos Médicos:** Team Medical Galicia

**Centros Asistenciais:** USP Hospital Santa Teresa, Sanatorio Quirúrxico Modelo S.L., Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC), e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

**Servizo de Guindastres: Complemento**

**Nota:** En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos sete días antes da celebración da proba, apercibindo da perda do coeficiente polo seu incumprimento. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.

O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1<sup>a</sup>, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.



### III - MODALIDADES XERAIS

#### Artigo 2 - Puntuabilidade

O **25º RALLYE A CORUÑA** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

- ) Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- ) Copa de Galicia de Rallyes para pilotos (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- ) Copa de Galicia de Rallyes para copilotos (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- ) Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 1.
- ) Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 2.
- ) Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 3.
- ) Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 4.
- ) Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 5.
- ) Copa de Galicia de Rallyes para Escudaría. (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- ) Copa de Galicia de Rallyes para marcas de pneumáticos. (Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5).
- ) 2º Supercampionato R5 AD Grupo Regueira.
- ) 12ª Copa Top Ten Pirelli-Driver-Autia.
- ) 16º Volante F.G.A.-5ª Promoción Xoven Piloto de Galicia (Beca PXP22).
- ) 12ª Copa Pirelli AMF Motorsport.
- ) 2ª Coupe da Luz-RDM.
- ) 3ª Cup Tecnoshock.
- ) 2º RETO Racing Fuels.
- ) 1º Open GADIS Donas co motor de Galicia.

E as que designe a F.G. de A.

#### Artigo 3 - Descrición

O **25º RALLYE A CORUÑA**, consta dun percorrido total de **348 quilómetros**, dos cales **92,4 quilómetros** corresponden a 10 Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Está dividido en **2 Etapas** e **4 Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos, e Reagrupamentos.

O Rallye terá 3 Parques de Traballo, ademais do Parque de Traballo da noite do venres ó sábado.

#### Artigo 4 - Vehículos Admitidos

En tódolos rallyes puntuables para o Campionato e Copas de Galicia 2021 serán admitidos os vehículos seguintes:

- ) Vehículos Grupo A ata 1600 c.c. de acordo ó artigo 255 do Anexo J da FIA.
- ) Vehículos Grupo A de acordo co artigo 255 e 255A (WRC 1.6) do Anexo J da FIA.
- ) Vehículos Grupo N de acordo co artigo 254 do Anexo J da FIA.
- ) Vehículos S-2000 de acordo co artigo 254A do Anexo J da FIA.
- ) Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4, R5, de acordo cos artigos 260, 260D e 261 do Anexo J da FIA.
- ) Admitiranse os vehículos do Grupo "X", "G", N5 (Maxi Rallye), e N6 (Maxi Rallye Galego).
- ) Os vehículos admitidos no Grupo H serán tódolos que pertenceron ó antigo "Anexo J", do ano 1985 inclusive. Os vehículos que sexan posteriores, pero de interese para o automobilismo galego, terán que solicitala súa inclusión á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. Si foran admitidos seralle expedido o "pasaporte de histórico" correspondente.

Ningún vehículo poderá participar en ningún rallye sen o "pasaporte administrativo" (X, G, H, N1, N2, N3, N5 e N6) expedido pola Federación Galega de Automobilismo.

A efectos de puntuación, os vehículos admitidos dividiranse nas seguintes **AGRUPACIÓNS**:

AGR.	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	WRC 2.000 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2010	1230	34
	WRC 1.600 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2016	1200	33
	WRC 1.600 cc // Rally 1	Art. 255A dende Anexo J FIA 2017	1190	36
	R5 (VR5) // Rally 2 (VRa2)	Art. 261 Anexo J FIA	1230	32
	Rally 2 Kit (VR4K)	Art. 260E Anexo J FIA	1230	33
	Rally 3 (Ra3) 4x4	Art. 260 Anexo J FIA	1210	30
	R4	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1300	33
	S2000 (1.6T) RRC	Art. 255A ata Anexo J FIA 2013	1200	28
	S2000 (Atmosférico)	Art. 254A ata Anexo J FIA 2013	1200	---
	A Galego	Grupo "A" FGA	1300	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
	N5	RFEDA + Grupo "G" FGA	1230	34
	N6	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. A + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2019	1230	34
	Gr. N + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. X + 2.000 cc 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. G + 2.000 cc	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	RGT	Art. 256 Anexo J FIA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	GT	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	RFEDA + Grupo "G" FGA	1410	40,8
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	RFEDA + Grupo "G" FGA	1440	41,2
	Gr. SCC	GRUPO SCC	S/Regulamento	S/Ficha.Homolog.
	2	Rally 4 Atmo + 1.600 / - 2.000 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080
Rally 4 Turbo + 1.067 / - 2.000 cc (Ra4C)		Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
R3T		Art. 260D Anexo J FIA 2019	1080	29
R3C		Art. 260 Anexo J FIA 2019	1080	---
S1600		Art. 255 Anexo J FIA	1000	---
S1600 RFEDA		Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	---
R2C		Art. 260 Anexo J FIA 2018	1080	---
N2		RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
Gr. N (2RM)		Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
Gr. A +1.601 / -2.000 cc Kit Car		Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
Gr. X +1.601 / -2.000 cc Kit Car		Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
Gr. G -2.000 cc (2RM)		Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
3		Rally 4 Atmo +1.390 / - 1.600 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080
	Rally 4 Turbo - 1.067 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R2B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1030	---
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1150	32
	N3	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. A -1.600 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. N +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---



	Gr. X +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Históricos + 1.600 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	---
4	R1A / R1B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	S/ Regulamento	---
	Rally 5 Atmo -1.600cc Turbo -1.333cc (Ra5)	Art. 260 Anexo J FIA	S/ Regulamento	30
	Gr. N -1.600 cc	Art. 254 Anexo J	S/ Regulamento	---
	Gr. X-1.600 cc	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Históricos* -1.600 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	---
5	Todos os Grupos -1.000 cc agás SCC	S/ procedencia	S/ Ficha Homolog.	---
	Históricos* -1.000 cc (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	---

\* Históricos ata o ano 1985 inclusive. Grupo X a partir o ano 1986 inclusive.

\* Históricos admitidos nas diferentes agrupacións baixo supervisión e aceptación por parte da Comisión Técnica da FGA

A tódolos efectos, considérase constituída unha agrupación coa saída dun só vehículo.

### **Artigo 5 - Concursantes Admitidos**

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2021 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

### **Artigo 6 - Solicitud de Inscripción - Inscripcións**

**6.1.-** Todo equipo que desexe participar no **25º RALLYE A CORUÑA** terá que cumprimentar telemáticamente en [www.fga.es](http://www.fga.es) o formulario de inscripción (<https://forms.gle/Pfwf4uQZMtjUMbzWA>). A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refusa a mesma. O xustificante de ingreso bancario terá que ser enviado ó e-mail [onesevenracing@gmail.com](mailto:onesevenracing@gmail.com) antes do peche do prazo de inscripción.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as 20:00 h. do día 17 de Maio de 2021.

**6.2.-** O número de inscritos fíxase nun máximo de **160** vehículos.

**6.3.-** Os dereitos de inscripción deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

**Na conta corrente ES11 0081 2183 4100 0128 3837. BANCO SABADELL.**

**NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRIPCIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS**

**6.4.-** Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

**6.5.-** A orde de recepción da Solicitud de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

**6.6.-** O peche de inscripciones realizarase, con data límite, catro días (luns) antes do principio dos adestramentos, publicándose a relación de inscritos e o orden de saída proposto polo Organizador, co visto e prace do habilitado da F.G. de A., alomenos un día antes do comezo dos adestramentos do rallye. As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador do rallye á Federación Galega de Automobilismo. O habilitado poderá variar a lista de inscritos, proposta polo Comité Organizador da proba, si fora en contraposición ou interese do sentido participativo (potencia/cualificación) en claro prexuízo doutros equipos. Os cambios de número, ou de posición do posto de saída dos equipos participantes, prohibítese aos Colexios de Comisarios Deportivos unha vez publicada a Lista de Inscritos asinada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo.

**NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 6**

### **Artigo 7 - Dereitos de Inscripción - Seguros**

**7.1.-** Os Dereitos de Inscripción fíxanse en:



**7.1.1.- 330 €** aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización + **20 €** do aluguer do GPS obrigatorio, ascendendo a inscrición a un total de **350 €**.

**7.1.2.- 660 €** NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

**7.2.-** A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscrición.

**7.3.-** Os Dereitos de Inscrición comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

**7.4.-** Os Dereitos de Inscrición tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

## IV - OBRIGACIÓNS XERAIS

### Artigo 8 - Publicidade

A publicidade proposta polo Organizador será a seguinte:

**Obrigatoria:** EN COMPLEMENTO

**Facultativa:** EN COMPLEMENTO

## V - DESENROLO DA PROBA

### Artigo 9 - Recoñecementos

**9.1.-** Os recoñecementos OFICIAIS dos treitos efectuaranse os días **21, 22 e 23** de Maio de **2021, dende as 9h as 21h**, segundo o criterio que establecerá o Comité Organizador.

**9.2.-** Os recoñecementos quedan limitados a un máximo de **TRES** pasadas por Treito Cronometrado.

**9.2.1.-** A primeira infracción será penalizada con **1 minuto** ou cunha sanción económica de **300 €**, a abonar antes do inicio da Proba, a criterio exclusivo do Colexio de Comisarios Deportivos, con envío da sanción económica á F.G. de A.

**9.2.2.-** A segunda infracción se penalizará con "**NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA**", ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos, co traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

**9.2.3.-** Por incorrer nunha infracción nos puntos 9.2.1 e 9.2.2 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación de Expediente Disciplinario no seu caso.

**9.3.-** Se unha Escudaría fai un Treito Cronometrado, na mesma Tempada, non se poderá utilizar o mesmo Treito por outra Entidade Organizadora.

**9.4.-** Só se poderán efectuar os Recoñecementos dos Treitos Cronometrados en 1 día por cada equipo participante, a escoller de entre os tres días designados polo Comité Organizador, e que será solicitado por Fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 160 participantes nos tres días. Así mesmo, cada equipo terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.

**9.5.-** A velocidade máxima nos Treitos a recoñecer, será en función das limitacións / sinais que existan no mesmo, e nunca será superior a 80 Quilómetros/h.

**9.6.-** Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptalas medidas federativas que no seu caso procedan.

**9.7.-** O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba.

**9.8.-** A Federación Galega de Automobilismo poderá designar outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

**9.9.-** Entregaranse uns adhesivos transparentes e numerados (de cor Butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo Treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos Dereitos de Inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo infractor.

## 9.10.- Seguimento e control dos Recoñecementos con GPS:

Os recoñecementos serán controlados polo GPS e tódolos equipos portarán obrigatoriamente un dispositivo GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L, facilitado pola organización, para o control dos recoñecementos, que rexistrará posición, hora e velocidade cada segundo.

**Os datos e información rexistrada por estes GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L serán considerados como os DATOS OFICIAIS na proba e consideraranse válidos sendo INAPELABLES.**

**9.10.1.-** O dispositivo GPS recollerase na entrega do libro de Ruta e deberán devolvelo o finalizar os recoñecementos, no lugar e hora estipulada pola organización.

**9.10.2.-** A empresa provedora, contratada polo organizador, ou o propio organizador, entregará a cada equipo o GPS aceso, conxuntamente cun cargador de chisqueiro (se por autonomía fose necesario) e as instrucións do mesmo. Ademais, fará a montaxe do mesmo se houbera un espazo facilitado polo organizador para iso. En caso contrario dará as explicacións oportunas para a súa montaxe. No suposto que o participante non teña o vehículo de recoñecemento no momento da entrega, este será responsable da súa instalación e perfecto funcionamento.

**9.10.3.-** Os aparellos receptores de GPS deberán estar fixados (por medio de Velcro) ao parabrisas dianteiro na súa parte interior e poderán ser precintados pola FGA ou polo organizador. **Unha vez fixado ao parabrisas dianteiro, o dispositivo GPS, non se poderá quitar do interior do vehículo ata o final dos recoñecementos, BAIXO PENA DE SANCIÓN segundo o regulamento.**

**9.10.4.-** É obrigatorio que o GPS estea acendido durante todo o tempo de recoñecementos.

En dispositivos con pouca autonomía, é conveniente que o GPS estea conectado constantemente ó chisqueiro do vehículo para garantir que non se apague en ningún momento.

**9.10.5.-** O equipo será responsable en todo momento do bo funcionamento do GPS durante os recoñecementos. E no caso de que houbera algunha anomalía deberá comunicalo inmediatamente á organización do rallye. De non facelo poderá ser sancionado.

**9.10.6.-** Os excesos de velocidade: Serán controlados e danse por válidas as medicións dos GPS da empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L. Os excesos detectados polo sistema GPS serán sancionados polos Comisarios Deportivos de acordo co establecido na Regulamentación.

**9.10.7.-** Serán de aplicación as Penalizacións e Sancións, en virtude do estipulado no Regulamento Particular da proba e Anuario da FGA 2021:

Infracción	Sanción
73.- Infracción ó Código de Circulación: 1ª infracción. (Art. do C.D.I.)	300 €uros
74.- Infracción ó Código de Circulación: 2ª Infracción	5 MINUTOS
75.- Infracción ó Código de Circulación: 3ª Infracción	EXCLUSIÓN
729.- Circular en sentido inverso ó da marcha nun treito cronometrado.	1ª Infracción: 1 minuto, ou cunha sanción económica de 300 €uros
754.- Superar a velocidade Máxima Permitida nos treitos de 80Quilómetros/h	2ª Infracción: "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
754.- Os recoñecementos en rallyes quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito.	3ª Infracción: Traslado ó Tribunal Galego de Apelación
Non levar o GPS dentro do vehículo segundo artigo 9.10.3	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
Detectar un GPS apagado durante os recoñecementos do equipo.	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA"
Non entregar o GPS ó finalizar os recoñecementos	"NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA" mais unha sanción económica de 1.000 €uros a pagar ao Organizador
Entregar en mal estado o GPS	Sanción económica de 1.000 €uros a pagar ao Organizador

**9.10.8.-** A finalización de cada xornada de recoñecementos, a empresa ANUBE ou TCR Datos Norte S.L. elaborará un informe das infraccións cometidas, que se lle dará traslado o Colexio de Comisarios Deportivos da proba para que actúen en consecuencia.

**Artigo 10 - Hora Oficial do Rallye**

Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida por os **Cronómetros da F.G. de A.**

**Artigo 11 - Penalizacións**

As penalizacións son as previstas no Regulamento Tipo Xeral de Rallyes de Asfalto da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2021.

**Artigo 12 - Premios**

Os premios e Trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ós primeiros de cada Agrupación (Piloto e Copiloto) da seguinte forma:

**COEFICIENTE 8**

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH		AGRUPACIÓNS (1, 2, 3, 4 e 5)	
1º	1.800,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)	1º	250,00 €uros e Trofeo
2º	1.350,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)	2º	130,00 €uros
3º	1.000,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)	3º	100,00 €uros
4º	750,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)		
5º	600,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)		
6º	500,00 €uros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)		
		<b>TOTAL PREMIOS</b>	
		8.400,00 €uros	

**Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.**

D. Alvaro Muñiz Mora, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número DC1-0065-GA-AUT, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Coruña, a 24 de Marzo de 2021

Director da Proba  
D. IGNACIO DAVILA ESTEVEZ  
D.N.I. 36126937D  
Lic. DC1-0060-GA-AUT

Xefe Seguridade Vial  
D. ÁLVARO MUÑIZ MORA  
D.N.I. 46.912.061-L  
Lic. DC1-0065-GA-AUT

Entidade: ONE SEVEN  
D. ÁLVARO MUÑIZ MORA (Presidente)  
C.I.F.: G-70.401.039  
Lic. DC1-0065-GA-AUT

---

---

## PROGRAMA-HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

---

---

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1 <sup>a</sup>	28 de Maio de 2021	10:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en:  <b>PALACIO DOS DEPORTES</b>
2 <sup>a</sup>		18:00	
3 <sup>a</sup>	29 de Maio de 2021	22:00	

### ANEXO I

#### RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Amparándonos no artigo 27.2 do noso Estatuto de Autonomía, onde Galicia ten a competencia en materia de deporte en "**exclusiva**", por acordo de Xunta Directiva e Comisión Delegada, de data 1 de Outubro de 2020, e refrendo da Asemblea, emitírase "**LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS**" que habilitarán para participar en probas Autonómicas de Galicia.

A Federación Galega de Automobilismo entende que é posible a convivencia de ambas licenzas (**LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA E LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL**) a vista do declarado polo Tribunal Constitucional en sentenza 32/2018 do 18 de abril de 2018. Así mesmo en apoio desta tese, o Xulgado Central do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, ditou sentenza do 22 de Setembro de 2020 nos autos de recurso contencioso administrativo 13/2019 na que estimando a demanda interposta polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo fronte a resolución do 8 de marzo de 2019 do "Tribunal Administrativo do Deporte" declara a nulidade da mesma e condena as demandadas, "Tribunal Administrativo do Deporte" (do C.S.D.) e "Real Federación Española de Piragüismo" a pasar pola devandita declaración. Déixase polo tanto sen efecto as sancións, económica e de inhabilitación, que se lle impuxeron ao Presidente da Federación Galega de Piragüismo por emitir "**LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS**" nas tempadas de 2015, 2016, 2017 e de 2018.

Na resolución ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, polo que ós licenciados de Galicia lles interesa razoase que: Como resultado das alegacións das partes a F.G. de P. só ingresou a R.F.E. de P. a parte correspondente a mesma das "**LICENZAS AUTONÓMICAS ÚNICAS-ESTATAIS**" tramitadas na Galicia, e non así as da parte das "**LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS**", por entender que **coexisten estes dous tipos de licenzas, e que non procede neste último caso.**

O Tribunal Constitucional na súa sentenza de pleno, número 33/2018, de 12 de Abril do 2018, recurso de inconstitucionalidade número 3447/2015, apreciou a inconstitucionalidade do que se denomina efecto "**transversal**" ou "**horizontal**" da "**LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL**", non o "**vertical**" o que impide declarar a nulidade do precepto impugnado no seu conxunto, o artigo 23 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, da racionalización do sector público, polo que se modificou o apartado 4 do artigo 32, da Lei 10/1990 do Deporte, realizando no seu lugar unha interpretación do mesmo conforme á Constitución (FJ 3º Letra F).

**Trátase dunha resolución xudicial que xunto á xa mencionada do Tribunal Constitucional supón devolver ás Federacións Autonómicas de Galicia as "competencias exclusivas" de que foron privadas coa modificación do artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.**

.- Ademais nun momento como o presente no que as dificultades para o "**deporte de base**" víronse agravadas pola pandemia do Covid-19 supón unha conquista para o Deporte Autonómico de Galicia xa que suporá abaratar custos (o 90% só participan en probas autonómicas de Galicia) ós deportistas que unicamente queren participar en probas autonómicas e poderán obter unha "**LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA**" cun custo inferior. A decisión tomouse para beneficiar economicamente os licenciados autonómicos, que participarán con "**Licenza Autonómica Galicia-Exclusiva**" en probas autonómicas (non estatais) co conseguinte abaratamento.

2.- A vista de que varias federacións non esixen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o condutor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a **Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública**, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), **implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo"**, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venda, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.



- 4.- Para garantir a responsabilidade a que houberse lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delegada aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría e Stages, e para os eventos a celebrar en Galicia: A.- **Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia. B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.** C.- Todo participante que non sinala na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.
- 5.- **Tódolos Campionatos, Supercampionatos, e Copas de Galicia, a partir da tempada 2021 inclusive, serán considerados "OPEN"; agás a PXP 21 Junior, as Fórmulas de Promoción, e para participar e puntuar nestas, só se poderá coas as Licenzas Autonómicas de Galicia Exclusivas.**
- 6.-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2021, sexan considerados "Open".
- 7.-Así mesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", **non serán expedidas nin admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, PPK)**, posto que son permisos que outorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das "**Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas**", no seu apartado terceiro, que no seu caso, estas outorgarán, ao seu titular a condición de membro da Federación Galega de Automobilismo, **que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Galega de Automobilismo, con dereito a voto, e ser elixible nos procesos electorais da Federación Galega de Automobilismo.** As Licenzas Autonómicas Únicas Estatais, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na Federación Galega de Automobilismo.
- 8.- A Licenza que da **dereito a voto**, e ser elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo" e a "**Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva**". A "**Licenza Autonómica Única-Estatal**" non da ningún dereito a voto, nin outorga a condición de elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".
- 9.- Poderase participar e puntuar, sen ningún tipo de discriminación, en tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo coa "**Licenza Autonómica Única-Estatal**" e coa "**Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva**".
- 10.- **Se calquera licenciado autonómico quixera ampliala súa licenza a Autonómica Única-Estatal terá que aboar , a maiores, o 25% que se lle ten que aboar a "Real Federación Española de Automovilismo" mais quince euros de gastos de tramitación, impresión, envío por mensaxería, e notificación de alta no arquivo da "Real Federación Española de Automovilismo".**
- 11.- **Convivencia da "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva" e da "Licenza Autonómica Única-Estatal" para a tempada de 2021 e vindeiras.**



## ANEXO II

### LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD - CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ao principio do libro de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (polo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior de cada páxina deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controis de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, é dicir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre si.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controis.
- 11.- Os sinais de tráfico reproducidos deberán corresponder ó seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer escuadrados, e si hai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis deberá ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro ou tramado).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- No Road-Book, os puntos de radio deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída e a chegada deberá estar sinalizada con latitude e lonxitude.

#### **SUXERENCIAS:**

- 1.- Indicar a velocidade media dos Treitos de Enlace.
  - 2.- Indicar nos Treitos Cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do Rallye.
  - 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (exemplo panel de entrada a un casco urbano).
  - 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.
- Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.

## MODELO DE FOLLA DO ROAD-BOOK



SECCIÓN: 1	C.H.S. 7	DISTANCIA: 32,90 Km.
	TRAMO B-1 DESGUACES GIL	TEMPO A EMPREGAR: 43'
SECTOR: 5	C.H.LL. 8	PROMEDIO: 45,90 Km/h
	REAGRUPAMIENTO "A CANUDA"	

DISTANCIA		DIRECCIÓN	INFORMACIÓNS	Kms. Próximo C.H.
TOTAL	PARCIAL			
8,45	0,55		LOCAL	24,35
10,30	1,85		LOCAL E-6	22,50
11,98	1,68		LOCAL C.H.LL. TC-B1 STOP	20,82
12,10	0,12		LOCAL	20,70
12,20	0,10		C.STOP TC-B1 CONTROL STOP TC-B1 PROMEDIO: 47,54 Km/h TEMPO: 26'	20,60
			!!!	PAX: 39

PASAR A PAXINA CON RAPIDEZ PROXIMA REFERENCIA A MENOS DE 100 m

## ANEXO III

### TERMINOLOXIA

<b><u>Sector de enlace</u></b>	Itinerario comprendido entre dous controles horarios sucesivos.
<b><u>Sección</u></b>	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: <ul style="list-style-type: none"><li>- entre a saída dunha Etapa e o primeiro reagrupamento.</li><li>- entre dous reagrupamentos sucesivos.</li><li>- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do Rallye.</li></ul>
<b><u>Etapa</u></b>	Cada unha das partes do Rallye separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do recorrido efectuado, si este e inferior a sete horas.
<b><u>Neutralización</u></b>	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.
<b><u>Reagrupamento</u></b>	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
<b><u>Parque de custodia</u></b>	Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos Internacionais e polo Regulamento particular da proba.
<b><u>Complemento</u></b>	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e datados. Os Concursantes ou Membros dos equipos deben acusar recibo mediante sinatura.
<b><u>Carné de Control</u></b>	Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.
<b><u>Treito Cronometrado</u></b>	Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

## ANEXO IV

### ENCARGADO/A DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

#### MISIONS PRINCIPAIS

Informar aos concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir ás reunións do Colexio de Comisarios Deportivos coa fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concurstantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e conveniente:

- 1) Que leve unha identificación rechamante (peto reflectinte de cor laranxa preferentemente).
- 2) Ser presentado/a a ós concursantes durante un briefing ou comunicado con foto.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no Regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

#### PRESENZA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o/a encargado/a das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do Meeting
- A Saída da Proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque De custodia cando a chegada do Rallye

#### Función

- Dar aos que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se expoñan.
- Dar todas as informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

#### Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (ex. Precisar as dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O/A encargado/a das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras mal soantes ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

## ANEXO V

### SEGURIDADE

#### 1) ORGANIZACION XERAL

##### a) Plan de Seguridade

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de localización da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade de todos os treitos cronometrados.

##### b) Xefe de Seguridade Vial

No Regulamento particular do Rallye nomearase un Xefe de Seguridade Vial que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o Rallye estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída dos treitos cronometrados (por teléfono ou por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

##### c) Control

O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

#### 2) SEGURIDADE NOS TREITOS CRONOMETRADOS

##### a) Servizos de Asistencia

Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 médico (preferentemente reanimador)
- 2 ambulancias equipadas
- 1 equipo de socorristas
- 2 guindastres
- 1 servizo de bombeiros

Nun punto intermedio para os treitos de máis de 12 quilómetros:

- 1 médico
- 1 ambulancia equipada
- 1 equipo de socorristas

De acordo co perigo, estes mínimos incrementaranse:

- récord do treito entre 100 e 110 quilómetros/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 quilómetros/h, o dobre do mínimo de ambulancias e un médico reanimador.



Caso de non dispoñer do récord do treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Así mesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

## **b) Medidas preventivas**

### **Sinalización:**

As estradas e camiños de acceso aos tramos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

### **Intervención:**

Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altofalantes.
- Sempre que sexa posible, advertir aos equipos por medio de bandeiras amarelas.

### **Información:**

Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio, televisión e internet.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altofalantes que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1º vehículo).

## **c) Vixilancia**

Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza o número "0" (Peche dos Treitos) ou "00" (Apertura dos Treitos). Estes vehículos poderán dar toda a información que sexa precisa e si é necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación polo menos cada 1 Quilómetros), específica para cada treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do Rallye.

## **d) Evacuación**

Debe preverse un itinerario de evacuación para cada tramo cronometrado. Os servizos de urxencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

## **3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE**

O Itinerario-Horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades. Tanto o condutor como o copiloto deberán levar:

- roupa ignífuga homologada.
- cinto de seguridade en todo o percorrido da proba.
- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.

## ANEXO VI

### ITINERARIO HORARIO

**OS REGULAMENTOS PARTICULARES, QUE NON VEÑAN ACOMPAÑADOS DO LIBRO DE RUTA, MANUAL DE SEGURIDADE, DA FOLLA DE SOLICITUDE DE TREITOS, E HORARIOS DE PECHE PARA A CELEBRACIÓN DO RALLYE, ASINADOS POLO XEFE DE SEGURIDADE VIAL, DO DIRECTOR DA PROBA, E DO PRESIDENTE DA ESCUDERIA TERÁN UNHA PENALIZACIÓN DE BAIXADA Ó COEFICIENTE ANTERIOR NA TEMPADA 2021.**

## ANEXO VII

### PARQUES DE CUSTODIA E DE TRABALLO

**Artigo 12.- PARQUE DE CUSTODIA, E DE TRABALLO. (o resto da normativa atopase no artigo 12 das prescricións comúns dos Campionatos e copas de Galicia).**

Ampliación normativa. Parque de custodia e Parques de Traballo. Comisión Executiva da "Federación Galega de Automobilismo" amplía o artigo 12, das prescricións comúns do anuario 2021 e vindeiros, obrigando a unir o parque de custodia co Parque de Traballo, sendo este aberto durante toda a celebración da proba á excepción do de fin de rallye que se considera parque de custodia. Deste xeito facilitáanse reparacións oportunas que necesiten tódolos equipos participantes o que redundará nunha maior finalización dos equipos nas probas. Prohíbese os parques cerrados, tal como se interpretan con regulamentación F.I.A. a excepción do de final do Rallye, admitíndose concentracións dos vehículos de Rallye, por tempo limitado, en centros comerciais ou prazas municipais que reporten algunha contrapartida económica aos Comités Organizadores; antes ou despois da celebración do Rallye, nunca durante a celebración do evento deportivo, sendo responsables da custodia do seu vehículo cada un dos participantes no P.T.

A) Obrígase a unificalos parque de custodia cos parques de traballo.

B) Os controis horarios, de chegada e de saída, estarán situados antes e despois do novo parque de traballo ou de custodia.

C) Os vehículos participantes serán custodiados polas súas asistencias correspondentes, nos lugares designados no parque pola organización (lugar e metros cadrados), así como polos comisarios de parque, debidamente licenciados, designados pola organización do rallye

D) Aos participantes e as súas asistencias poderáselle comunicar en complementos ao efecto (ou no propio regulamento particular), as horas útiles de traballo e as horas de parque de custodia nas que non se pode arranxar nin modificar o vehículo, so pena de EXCLUSIÓN.

E) Recoméndase a implantación dun "hospitality", barras complementarias de servizo, e escenario de concertos para música indie, rock, e acto da entrega de premios.

F) Os seareiros poderán andar polo novo parque de traballo, coas limitacións das lonas das asistencias, ca pertinente precaución e sen entorpecer o transcurso do rallye, e intercambiar opinións cos equipos participantes, solicitarlles sinaturas en fotografías que terá cada equipo, cos seus esponsors nas cartulinas cos equipos disporán ó efecto.

G) O xefe de parque e os comisarios velarán polo cumprimento estrito dos complementos, publicados polo colexio de Comisarios Deportivos, no eido dos tempos de asistencias permitidas e tempos parque de custodia.

Se un organizador tivera un plantexamento diferente, da regulamentación explícita, por algún tipo de interese publicitario poderá solicitar á F.G. de A. a excepcionalidade da instalación do parque de custodia.

Si un equipo tivera que sacar un vehículo en concreto, do parque de custodia, este terá que solicitalo por escrito o Colexio de Comisarios Deportivos, debidamente razoado, e os Comisarios Deportivos autorizarán a súa marcha ó parque de traballo sen aplicarlle ningún tipo de penalización. O vehículo en cuestión teráselle que dar unha hora de incorporación o parque de custodia ou de traballo segundo o caso.

Os vehículos de existir parque de custodia a noite do venres ó sábado, obrigatoriamente ó inicio do rallye os vehículos terán que ir do parque de custodia o parque de traballo e darlle tempo suficiente para cambios de pneumáticos.

### **7.- REPOSTAXES (Refuelling)**

As repostaxes teranse que facer nos parques de traballo, e nas estacións de servizo, ubicadas no percorrido do rallye, e terán que estar indicadas no libro de ruta (Road Book).

**7.1.-** No parque de traballo no momento do repostaxe deberanse cumprir as seguintes condicións:

- Afastar os fumadores.
- Repostar o vehículo co motor parado.

- Se os membros do equipo están no interior do vehículo, deberán ter os cinturóns de seguridade desabrochados.

-Excepto nos vehículos que teñen prevista unha toma de presión para a repostaxe, este deberá levarse a cabo por gravidade ou bombas manuais, para o que recomendase a utilización de bidóns de repostaxe según normas FIA provistos de acoplamentos estancos y respiradoiros. En calquera caso, a capacidade dos bidóns de repostaxe queda limitada a 25 litros. Se o bidón está elevado por encima do chan, en ningún caso o nivel de reserva de carburante no bidón poderá estar a unha altura superior a 3 metros durante toda a operación.

**7.2.-** Nas estacións de servizo, so está autorizado repostar directamente dos surtidores comerciais nas seguintes condicións:

- A única operación autorizada é o repostaxe de combustible.

- A repostaxe terase que realizar sen axuda exterior, agás dos empregados da propia estación de servizo.  
**7.3.-** O organizador poderá prever no regulamento particular da proba unha "zona de repostaxe" habilitada para esta operación, na que se deberán tomar as mesmas medidas de seguridade anteriormente descritas así como a supervisión da operación por parte dunha unidade de bombeiros.

## 8.- PNEUMÁTICOS

**8.1.-** Os pneumáticos a empregar deben estar de acordo coa regulamentación F.I.A. para rallyes, estando autorizados os pneumáticos "slicks raiados". Os vehículos de categoría GT autorízaseles a montaxe de pneumáticos raiados polo fabricante, ou polo distribuidor autorizado.

**8.2.-** Están autorizados a levar no vehículo un máximo de 6 pneumáticos por vehículo entre Parques de Traballo.

**8.3.-** Na saída dun P.T. marcaranse tódolos pneumáticos colocados no vehículo (incluso os de repostaxe). Na chegada do próximo P.T., o vehículo deberá levar unicamente os pneumáticos marcados no P.T. anterior.

**8.4.-** Para facilitar a marcaxe dos pneumáticos, deberase dispor un espazo acoutado inmediatamente despois do C.H. de saída do parque de Traballo, (ver croques explicativo de montaxe Nº1). Coa única finalidade de axudar no procedemento de marcaxe, un membro do equipo poderá ter acceso a este espazo. Para esta operación a Organización está obrigada a dar un suplemento de 5 minutos extra no sector de que se trate, e así mesmo indicalo no Itinerario-Horario da proba.

**8.5.-** O tallado dos pneumáticos está autorizado exclusivamente nos P.T.

**8.6.-** Os cambios de pneumáticos realizaranse unicamente nos P.T. Fora dos mesmos, soamente os membros do equipo poderán realízalos cos medios de a bordo pero respectando sempre o disposto no apartado 8.2.

**8.7.-** Si se celebre unha cerimonia de saída o venres os pneumáticos a utilizar serán libres (respectando o resto de normativa do presente artigo) e sempre e cando non se dispute ningún treito cronometrado tras esta cerimonia.

**8.8.-** Está autorizado o uso de quentadores de pneumáticos, soamente dentro dos P.T.

**8.9.-** Nas Copas de promoción, o modelo e número total de pneumáticos a empregar será o que estipulen nos regulamentos particulares das mesmas, non podendo superar o número máximo establecido no presente artigo.

**8.10.-** O procedemento da marcaxe das rodas:

- a) Marcaranse as lamias coas pegatinas en PVC troqueladas segundo normativa FIA.
- b) Poderase marcar adicionalmente os pneumáticos con rotuladores de diferentes cores.
- c) Recoméndase un mínimo de tres comisarios para realizar a marcaxe.

**8.11.-** Se na saída dun P.T. se atopase un pneumático non conforme, este deberase substituír por outro. O pneumático non conforme considerárase nulo e quedara en poder dos Comisarios Técnicos. O tempo concedido para o Sector do que se trate, non poderá ser ampliado.

**8.12.-** O control da marcaxe dos pneumáticos realizarase entre o Control Horario precedente ó Treito Cronometrado e a saída de dito Treito, (ver croques explicativo de montaxe Nº2), e tamén nos C.H. de entrada ós P.T. poderase realizar una comprobación da marcaxe.

**8.13.-** Toda infracción concernente á normativa dos pneumáticos, comprobada polos Oficiais da proba, entrañará unha penalización, podendo chegar a exclusión da proba.

## ZONA DE MARCAXE



Preaviso  
C.H.L.L.



C.H.L.L.  
Entrada P.T.



Preaviso  
C.H.S.



C.H.S.  
Saída P.T.



Marcaxe de  
Pneumáticos



Fin de Zona  
de Control



## CONTROL DE MARCAXE



Preaviso  
C.H.L.L.



C.H.L.L.  
Treito Crono.



Preaviso  
Control Marcaxe



Control  
de Marcaxe



C.H.S.  
Treito Crono.



Fin de Zona  
de Control





## ANEXO VIII

### CARAVANA RALLYES

En tódolas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

**XEFE DE SEGURIDADE DE TREITO** 70'

#### Vehículo Xefe de Seguridade Treito

A misión do vehículo "Xefe Seguridade Treito" será a de controlar e comprobar o correcto montaxe dos peches de camiños e ou estradas previstos no plan de seguridade. Tras el circulará o denominado vehículo Cintas o cal dará instrución para reparar ou mellorar aqueles puntos que considere necesarios.

**CINTAS** 65'

#### Vehículo Cintas

A instancias do xefe de seguridade de treito repasará e mellorará posibles peches mal realizados ou rotos, realizara o peche de camiños e estradas e corruxa a ubicación de vehículos mal estacionados. Irá provisto de material para montar as Z.E.P (cintas, prismas, carteis, estacas, martelos, sepiolita, escobóns, extintores, etc).  
Recomendase o organizador que este vehículo sea unha furgoneta.

**MEGAFONÍA** 55'

#### Vehículo Megafonía

A súa misión básica e informar o público de que a estrada está pechada o tráfico, recomendará o público as mellores zonas para situarse e irá dando consellos de seguridade. Da mesma maneira irá comprobando o Plan de Seguridade e corruxando algunha deficiencia que os anteriores vehículos non puidesen subsanar.

**ADXUNTO DE SEGURIDADE** 45'

#### Vehículo Adxunto de Seguridade

Comprobará o correcto montaxe do Plan de Seguridade; puntos de peche, forzas da orde pública, coches R, ambulancias, bombeiros, grúas, coches de radio, así como o correcto montaxe dos peches de camiños e zonas de público.  
O igual que os vehículos anteriores prestara especial atención na situación do público. Así mesmo dará instrucións os oficiais dos treitos, corruxando todas aquelas dúbidas que estes poidan ter. Irá provisto de material de reserva (pancartas, reloxos, planillas, bolígrafos, pilas, etc)

**OBSERVADOR DA FGA** 40'

#### Observador FGA

O observador da FGA verificará todas as medidas técnicas e de montaxe dos controis dos treitos cronometrados.  
O paso de este vehículo polo treito queda a criterio do propio observador.

**GUARDIA CIVIL DE TRÁFICO** 35'

#### Guardia Civil de Tráfico

Verificará o correcto montaxe dos peches de carreiteira, o libre tránsito polas vías de evacuación e a correcta colocación do público.  
Comprobará tamén a ubicación do resto de FFCCSS do estado no treito cronometrado.

**DELEGADO DA FGA** 30'

#### Delegado de Seguridade da FGA

Revisará o correcto montaxe do Plan de Seguridade, a ubicación dos medios na saída do treito cronometrado, a correcta ubicación das emisoras e irá velando pola correcta ubicación do público en zonas habilitadas para tal fin.  
Corruxa a ubicación do público mal situado informando os vehículos que o preceden para que comproben a reubicación do público. Terá plena potestade para atrasar o inicio de un treito e poderá recomendar a dirección de carreira a anulación de un treito se considera que este non cumpre a suficiente seguridade (esta decisión quedará sempre en mans do xefe de seguridade, director de carreira 0 e director de carreira en oficina).

**XEFE SEGURIDADE VIAL** 20'

#### Xefe Seguridade Vial

Será o máximo responsable de seguridade da proba. Verificará todo o percorrido do rally; Treitos cronometrados, enlaces e parques.  
Comprobará a correcta ubicación do público, corruxando e prestando especial atención as derradeiras deficiencias que o delegado houbera observado. Será un persoa da máxima confianza da organización, con ampla experiencia e criterio en materias de seguridade, xa que terá plena potestade para aconsellar e decidir a suspensión dun treito cronometrado.

**"0" DIRECTOR DE CARREIRA** 10'

#### Director de carreira "0"

Avisa os espectadores da inminente saída do primeiro participante. Será un vehículo rápido conducido por un piloto experto, con experiencia en materia de seguridade.  
Controlarase o seu paso por todos os C. H. de treitos e parques xa que irá provisto de carne de control. Dará a última verificación do correcto montaxe do treito cronometrado a dirección de carreira autorizando o inicio do mesmo.

#### Vehículos de competición

**"00" ESCOBA**

#### Vehículo Escoba

Ningún se poderá mover por o treito antes do paso de este vehículo. O seu paso producirase despois da saída do último participante.  
Irá recollendo as tiras de tempos e planillas dos distintos controis horarios, os carnés de control dos distintos vehículos que abandonen a proba e informando a dirección de carreira de se estes últimos molestan ou precisan de grúa para dar comezo a seguinte pasada do treito.

**ADVERTENCIA:**

Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilízalos, a partir da tempada 2010 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana da proba terá que ter licenza de oficial OA para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos / Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, CD1<sup>a</sup>-GA ou JOC1<sup>a</sup>-GA, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, emitirase unha acta-informe que será entregada polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.

## ANEXO IX

### OUVREURS

1.- Tódolos equipos que estean interesados en adquirir este privilexio terán que solicitalo por escrito á Comisión de Rallyes, da Federación Galega de Automobilismo, incluíndo:

- A.- Escrito, solicitude.
- B.- Vehículo de serie a utilizar, matrícula, modelo, seguro, etc.
- C.- Licenza de piloto, do condutor, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.
- D.- Licenza de copiloto, do acompañante, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

2.- Os vehículos dos "ouvreur" teranse que inscribir en cada proba, cumprimentando o boletín que lles facilite a organización, no que deberán de figurar obrigatoriamente os datos do condutor e do seu acompañante, os cales deberán estar en posesión da licenza en vigor de piloto e copiloto, ademais dos datos completos do vehículo a empregar nesta tarefa. Estes vehículos débense asegurar ó igual que os vehículos participantes de rallye.

3.- A inscrición por vehículo "ouvreur" ascende a 350€+20€ GPS, total 370€.

4.- A inscrición terase que ingresar conxuntamente, coa do participante, ó organizador do rallye.

5.- Ningunha inscrición, de vehículo "ouvreur" será aceptada polo organizador sen incluía fotocopia - certificado de autorización da Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.

6.- Cada "ouvreur" deberá pasar verificacións administrativas, o mesmo tempo que o seu vehículo participante.

7.- Os vehículos "ouvreur" portarán números iguais ós dos participantes, coa salvedade que en vez de números reflectantes serán letras do alfabeto correlativo, exemplo: A, B, C, D, E, F, G, H, etc. que irán colocados nas portas dianteiras do vehículo. A maiores poderase entregar unha identificación para Colocar na marxe superior esquerdo do parabrisas co texto "OUVREUR A N°"...

8.- As identificacións serán nominativas para cada concursante e intransferibles.

9.- A entrada dos vehículos "ouvreur" nos treitos cronometrados efectuarase, despois do paso do vehículo de megafonía e saíndo o 1º "ouvreur" 55 minutos antes da hora de saída teórica do primeiro participante.

10.- Os vehículos "ouvreur" circularán polo treito cronometrado ca debida precaución, tendo en conta que existe tráfico de outros vehículos da organización e espectadores que se despracen a pé.

11.- A súa velocidade, en consecuencia do anterior, será reducida e deberán circular en todo momento no sentido da marcha do Rallye e sen abandonar por ningún motivo o itinerario do mesmo.

12.- Se dentro do treito cronometrado son alcanzados por algún dos vehículos "0" da organización e si así se lles indica, deberán deterse inmediatamente, aparcar nun sitio seguro e non reanudar a súa marcha ata despois do paso do vehículo "00 - escoba" que abra de novo a circulación.

13.- No momento da retirada do equipo o que pertenza o "ouvreur", a súa placa de "ouvreur" queda automaticamente anulada e por tanto no está autorizado a seguir circulando polos treitos cronometrados despois do peche dos mesmos.

14.- Calquera incumprimento esta normativa por parte dos condutores dos vehículos "ouvreur", entrañará a retirada inmediata da súa identificación, ocasionando a exclusión na proba, do equipo correspondente.



## ANEXO X

### PODIO DE SAIDA OBRIGATORIO



Os rallyes da tempada 2021, e sucesivas, que puntúen para o “Supercampionato R5 2021”, terán que poñela publicidade (as lonas serán enviadas pola Federación Galega de Automobilismo), no Podio de Saída.

Para a tempada 2021 escolleranse tódolos rallyes do calendario da Federación Galega de Automobilismo, para o “Supercampionato R5 2021” e sucesivos.

Os Comités Organizadores (Rallyes) que non cumpran escrupulosamente o antedito non terán opción a pertencer ó Supercampionato da tempada seguinte.

Así mesmo e en cumprimento do convenio asinado polo Comité Organizador do Rallye, coa Secretaria Xeral para o Deporte, terase que poñer no Podio os logos da Secretaría Xeral para o Deporte, e do de Deporte Galego.

## ANEXO XI

### SISTEMA GPS DURANTE O TRANSCURSO DA PROBA

Durante o transcurso da proba, os vehículos de competición levarán instalado un sistema GPS das empresas ANUBE ou TCR Datos Norte, S.L., o cal será instalado nos vehículos de competición durante as Verificacións Técnicas. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición, e servirá para alertar a Organización ós equipos de posibles incidencias ou bandeiras amarelas. Tamén servirá para que os Equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.

#### 1.- Funcionamento:

- 1.1. O sistema deberá ter pulsador SOS.
- 1.2. O pulsador SOS, deberase usar UNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.
- 1.3. Deberase manter pulsado (segundo se indique nas instrucións) no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.
- 1.4. Nalgúns modelos de GPS empregados, ao apertar o pulsador, deberase activar automaticamente unha conexión por voz coa Dirección de Carreira.
- 1.5. En caso de ter que abandonar o vehículo con urxencia (por exemplo: incendio ou envorco) o GPS poderá ser extraído do vehículo e poderíase utilizar como un teléfono móbil.
- 1.6. Cando o Director de Carreira, ao seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle.
- 1.7. O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente aos Comisarios Deportivos.
- 1.8. A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

#### 2.- Bandeira amarela electrónica:

- 2.1. Nesta proba puntuable para o Campionato de Galicia de Rallyes de Asfalto, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados co sistema de bandeira amarela electrónica.
- 2.2. A pantalla que indique aos membros do equipo que se activou a bandeira amarela electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira amarela electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira amarela electrónica, xunto coas instrucións do dispositivo.
- 2.3. Unicamente poderase activar / desactivar a bandeira amarela electrónica dende Dirección de Carreira.
- 2.4. Unha vez sexa mostrada a bandeira amarela electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, da conformidade á Dirección de Carreira, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira amarela electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira amarela, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.
- 2.5. Unha vez mostrada a bandeira amarela electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo do Regulamento Particular:

*“Os Equipos aos que se mostre bandeira amarela tanto física como Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ao que se lle mostrou bandeira amarela dentro do tramo cronometrado, non poderá exceder de 80 quilómetros/ h. O Director de Carreira, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa.”*

Non respectar esta regra comportará unha penalización a criterio dos Comisarios Deportivos

#### 3.- Entrega devolución do aparello GPS:

- 3.1. A entrega e devolución do dispositivo GPS realizarase no parque de custodia ao finalizar a proba, ao persoal das Empresas ANUBE ou TCR Datos Norte, S.L. ou a un membro da organización designado a tal efecto.
- 3.2. En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo e o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección de Carreira) lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba, deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.
- 3.3. A empresa provedora comprobará a súa correcta instalación e funcionamento.
- 3.4. O concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que ó devolveo o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa de 1.000 €uros a pagar ó Organizador.

Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia:



## SOS


 + Esc 3 seg.

Solicitud de atención médica inmediata o vehículo que impide totalmente el paso de otros participantes.



## OK ?

Desde dirección de carrera se solicita confirmación del estado actual de los participantes.

 Pulsar el botón verde para indicar que no se requiere atención médica y el vehículo no obstaculiza el paso de otros participantes.

 + Esc 3 seg. Solicitud de SOS.



## Precaución

 3 seg.


Vehículo parado.

 *Muy atento, a la mínima duda de peligro reduce la velocidad.*



## Bandera Amarilla (Yellow Flag)

Participante neutralizado.

 *Reduce la velocidad de forma inmediata a menos de 80 Km/h y sigue indicaciones de los Comisarios de Ruta. Prohibido adelantar.*



 Pulsar botón ESC para confirmar bandera electrónica.



## Modelo Spica II

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde.

 = 



## Modelo Stella III

Las funciones del botón negro las realiza el botón verde, excepto el SOS:

SOS  +  3 seg.



**ANEXO XIII:**

**“DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS”**

- MODELO DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS PARA SUPERCAMPIONATOS (R5 e N5) E COPAS DE PROMOCIÓN**

Nº DE PARTICIPANTE

**PLACA DA PROBA**

**DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS**

PROBA \_\_\_\_\_

RALLYES TIPO “A”

TREITO ESPECTÁCULO VERNES	
SECCIÓN 1	
SECCIÓN 2	
SECCIÓN 3	

RALLYES TIPO “B”

TREITO ESPECTÁCULO VERNES	
SECCIÓN 1	
SECCIÓN 2	
SECCIÓN 3	

SECCIÓN 4
SECCIÓN 5
SECCIÓN 6

Nota: Asinar cunha  cada sección

Copiloto D. \_\_\_\_\_

Número de licenza \_\_\_ - \_\_\_ - \_\_\_ Vehículo Nº: \_\_\_\_\_

Declaro que os códigos de barras dos pneumáticos a empregar na sección indicada son:

	CÓDIGO DE BARRAS
<b>Pneumático 1</b>	
<b>Pneumático 2</b>	
<b>Pneumático 3</b>	
<b>Pneumático 4</b>	
<b>Pneumático Reposto 5</b>	
<b>Pneumático Reposto 6</b>	

E para que conste aos efectos oportunos asino o presente documento,

en \_\_\_\_\_ a, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_

VºBº Comisario Técnico

Licenza \_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

Asdo:

Licenza \_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

Hora recepción \_\_\_/\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_